



## BOMBEIROS FORESTAIS

### O ACORDO PUBLICADO NO DOG DE HOXE NON É O ASINADO POLAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS

#### AS CATRO ORGANIZACIÓNS SINDICAIS ASINANTES DO ACORDO ESIXEN A FUNCIÓN PÚBLICA EXPLICACIÓNS INMEDIATAS

**CIG, CC00, CSIF e UXT** denuncian que o acordo publicado no DOG de hoxe sobre os Bombeiros Forestais e a súa segunda actividade non corresponde có asinado polas organización sindicais.

O texto do acordo rexistrado e publicado **foi rexeitado** polas catro organizacións sindicais por, entre outras razóns, manter o termo peón en dúas categorías de bombeiros forestais.

Polo tanto esiximos a Función Pública explicacións sobre o acontecido e o rexistro e **publicación do acordo verdadeiro asinado polas organización sindicais**.

Dende a primeira hora da mañá as catro organizacións sindicais están a facer xestións diante de Función Pública para a corrección desta chapuza.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2017

UXT

CSIF

CC00

CIG